

BENVIDOS/AS AO CURSO 2021 - 2022.

O claustro de profesores/as do CEIP Plurilingüe Ribadavia quere trasladarlle ás familias a súa ilusión por este novo curso que comeza.

Para nós é esencial que a educación sexa presencial, e traballamos para que a volta ao centro sexa o máis segura posible. Sabemos que aínda será un curso condicionado por moitas limitacións pero xuntos conseguiremoslo.

MOITO ÁNIMO A TODOS/AS !!!!

POR FAVOR, LEDE ATENTAMENTE AS INDICACIÓNS QUE CONTÉN ESTA CIRCULAR! Seguindo as indicacións do Protocolo da Xunta de Galicia para os centros de ensino non universitario evitaremos as asembleas ou reunións presenciais para limitar o número de persoas presentes nun mesmo espazo simultaneamente. Deste xeito trataremos de informar puntualmente a través da páxina web ante a “non recomendación de Inspección” de realizar unha primeira reunión coas familias de xeito presencial.

Agradecemos ás familias a súa comprensión e colaboración.

1.- COMEZO DAS CLASES

A actividade lectiva comezará o día 9 de setembro con servizo de transporte e comedor en horario de 09:00h a 14:00h. (Ás 15:00h para alumnado usuario de comedor)

VER PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 DE ENTRADAS E SAÍDAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA (NA PÁXINA WEB DO CENTRO).

2.-EQUIPO DIRECTIVO E EQUIPO DOCENTE:

Presentación do novo equipo directivo:

Directora: Dna. M^a Jesús Barreiro García **por designación directa de Inspección Educativa dende o 1 de setembro de 2021 ao 30 de xuño de 2022.**

Xefa de estudos: Dna. Isabel López Veiga dende o 1 de setembro de 2021 ao 30 de xuño de 2022.

Secretaria: Dna. Rosa Ana Fernández Jácome dende o 1 de setembro de 2021 ao 30 de xuño de 2022.

Presentación do profesorado:

Unha vez xa teña comezado o curso cada titor/a convocará ás familias a unha reunión de forma telemática para tratar a organización e programación de cada grupo en particular.

Titores:

1ºA - 13 alumnos/as - Manuel Feijoo Casas.

1ºB - 14 alumnos/as - Sonia Fernández García.

2ºA - 11 alumnos/as - Rosa Rojo Álvarez.

2ºB - 9 alumnos/as - María Isabel López Veiga.

3ºA - 17 alumnos/as - María Aurelia Alonso Losada.

3ºB - 14 alumnos/as - M^a Mercedes López Feijoo.

4ºA - 22 alumnos/as - Yolanda Pérez Lloves.

4ºB - 21 alumnos/as - Raquel López Rodríguez.

5ºA - 16 alumnos/as - Florinda Estévez Garrido.

5ºB - 18 alumnos/as - María del Carmen Reguera Saborido.

6ºA - 23 alumnos/as - Silvia Iglesias Fernández.

6ºB - 24 alumnos/as - María Benita Álvarez Campo.

Profesorado especialista:

Relixión: Antonio Gómez Míguez.

Lingua Inglesa: María Jesús Barreiro García.

M^a Rosa Castro Diéguez.

Educación Física: Pablo Velo Rodríguez.

Tatiana Nóvoa Álvarez.

Educación Musical: Ana M^a Rodríguez-Hermida Montes.

Departamento de Orientación:

Patricia Vázquez López (Orientadora)

Manuela Rodríguez Pérez (A.L.)

María Aulet Suárez (A.L.)

M^a José Bello Barroso (P.T.)

Rosa Ana Fernández Jácome (P. T.)

3.- GRUPOS DE ALUMNADO

Os grupos de alumnado permanecen estables coma no curso anterior; o alumnado de 5 anos A formará o grupo de 1º A; o alumnado de 5 anos B formará o grupo de 1º B e así sucesivamente.

O alumnado procedente do C.R.A. Amencer incorpórase ao grupo de 3º A

4.- PROTOCOLO DE ENTRADAS E SAÍDAS

PROTOCOLO DE ENTRADA ALUMNADO PRIMARIA

A hora de **entrada** ao centro será ás 9:00 h.

Pregamos a máxima puntualidade.

Se por diferentes motivos algún alumno/a tivera que incorporarse máis tarde ao centro ou tivera que ausentarse antes de que remate a xornada lectiva, o adulto que o/a recolla deberá dirixirse á conserxería do centro. **Alí a persoa responsable cubrirá un xustificante.**

- ACCESO AO RECINTO ESCOLAR: (mantemos as medidas organizativas do curso anterior)

- Porta de recepción para alumnado de 1º, 2º e 3º curso (alumnado transportado e alumnado non usuario de autobús).
- Porta de recepción para alumnado de 4º, 5º e 6º curso (alumnado transportado e alumnado non usuario de autobús).



Salvo **razóns xustificadas** ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, **NON se permite a entrada dos/as proxenitores/as ao recinto escolar.**

- ACCESO AO CENTRO ESCOLAR: (mantemos as medidas organizativas do curso anterior)

- Porta D. José Puga Alonso (entrada principal) para alumnado de 1º, 2º e 3º curso.
- Porta traseira (cara á estrada nacional 120) para alumnado de 4º, 5º e 6º curso.

En caso de que as condicións meteorolóxicas sexan adversas, o alumnado entrará segundo chegue ao recinto progresivamente sen agardar nas ringleiras correspondentes. O profesorado, nestes casos,

atoparase repartido en puntos estratéxicos do recinto escolar e do interior do propio centro para controlar este momento.

PROTOCOLO DE SAÍDA ALUMNADO PRIMARIA

A partir das 13:45h cada grupo de alumnos/as sairá acompañado por un docente progresivamente de 1º a 6º curso.



Haberá zonas diferenciadas por cursos no patio escolar para a espera das familias, co fin de axilizar a saída e facilitar que o alumnado, especialmente dos cursos inferiores, localice visualmente ao adulto que o acompaña.

5.- CALENDARIO ESCOLAR

O curso escolar abrangue dende o día 9 de setembro ata o 22 de xuño.

Períodos de vacacións:

Nadal: 22 de decembro - 7 de xaneiro.

Entroido: 28 de febreiro – 2 de marzo.

Semana Santa: 11 de abril – 18 de abril.

Días non lectivos:

11 de outubro Día do Ensino.

12 de outubro Día da Festa Nacional de España.

6 de decembro Día da Constitución.

8 de decembro Día da Inmaculada Concepción.

17 de maio Día das letras Galegas.

Nos centros en que as festas laborais de carácter local non coincidan con días de clase, como é o noso caso, solicitaranse en compensación dous días non lectivos argumentando razóns de tradición, costume ou conveniencia pedagóxica.

Informaremos das datas no momento en que se soliciten á Inspección Educativa e sexan aprobadas pola mesma.

6.- PROTOCOLO COVID:

É importante que todas as familias lean con calma o **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 (na páxina web do centro)**. O obxectivo básico deste Plan é o de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio polo VIRUS SARS-CoV-2. Inclúe as medidas de detección precoz dos casos e a súa xestión axeitada; medidas concretas de organización e funcionamento e normativa e protocolos hixiénico sanitarios adaptados ás peculiaridades do CEIP Plurilingüe Ribadavia de obrigado cumprimento.

A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa Covid-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

O equipo Covid do centro **NON TEN AUTORIDADE PARA DETERMINAR O ILLAMENTO OU CORENTENA DO ALUMNADO**. Estará en permanente comunicación coa Central de Seguimento de Contactos para facilitarlle a través da aplicación Educovid a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos. Será a propia CSC quen se encargará de chamar aos contactos estreitos e iniciar o seguimento.

7.- CANLE DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS:

Toda a información de interese sobre o centro será publicada na páxina web do mesmo, que deberá ser revisada a diario por posibles cambios no protocolo ou notificacións urxentes.

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a titoría presencial (luns de 15:00h a 16:00h) realizarase esta coas debidas medidas de protección.

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e outros sistemas cando proceda, tales coma as seguintes aplicacións gratuítas que deberán ter instaladas:

-CISCO WEBEX: (videoconferencia), tanto para as titorías como para estar en contacto co alumnado en caso de illamento, corentena ou confinamento. Pode instalarse tanto no móbil coma no ordenador (para videoconferencias colectivas recomendamos a utilización no ordenador).

–**ABALAR MÓBIL**: Aplicación da Xunta de Galicia, para recibir comunicacións dos titores, mensaxes de interese, ver publicadas as notas de cada avaliación...

–**CLASS DOJO**: para facer un seguimento da evolución do voso fillo na aula, recibir información, imaxes... Moi útil, cando a clase sexa presencial ou en caso de illamento, corentena ou confinamento, para recibir instrucións e suxestións de traballo na casa (pódese utilizar no móbil e no ordenador). Para a utilización desta aplicación recibiredes información máis precisa.

Estas aplicacións terán que estar activas o máis pronto posible.

A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro.

8.- MATERIAL ESCOLAR

Debido a que o alumnado non poderá compartir material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as e, debido a que non poden acceder acompañados por un adulto ao recinto escolar, **PREGAMOS LLES ENVÍEN O MATERIAL QUE SE LLES SOLICITE PROGRESIVAMENTE EN VARIOS DÍAS** evitando así, o exceso de peso.

9.- COMEDOR ESCOLAR

A hora de **saída** será ás **15:00h** para alumnado usuario de comedor. Mantense o protocolo de saída empregado no curso anterior.

Lembrámoslles que é **importante que as familias con alumnado usuario de comedor comuniquen ao centro o día que non vaian facer uso deste servizo preferiblemente antes das 10:00h de cada día**, coa fin de xestionar os menús e para que eses días non sexan tidos en consideración nos pagamentos.